**Criterios para a participación en competicións organizadas por EUSA (Asociación Europea de Deporte Universitario) ano 2021**

1. **Requisitos para participación en competicións por equipos:**

   -Ter acadado o primeiro posto no Campionato de España Universitario da modalidade correspondente na edición 2020.

   -Achegar aval técnico da federación deportiva galega correspondente acreditando que o nivel deportivo alcanza, cando menos, o nivel medio de referencia na competición.

   -As persoas integrantes dos equipos:

   Deberán adecuarse ao recollido nos criterios de selección en competicións interuniversitarias 2019-2020 establecidos pola Comisión de Extensión Universitaria.

   Deberán contar coa autorización do seu club, no caso das persoas federadas.

2. **Requisitos para participación en competicións individuais:**

   -Ter acadado un dos dous primeiros postos no Campionato de España Universitario da modalidade correspondente na última edición celebrada*.

   En casos excepcionais e debidamente xustificados (lesións deportivas, convocatorias seleccións nacionais, ...) poderase eximir ás/aos deportistas deste requisito.

   -Achegar aval técnico da federación deportiva galega correspondente acreditando que o nivel deportivo alcanza, cando menos, o nivel medio de referencia na competición.

3. **Requisitos de tipo económico e orzamentario:**

   As participacións deberán adecuarse ao que estableza a Comisión de Extensión Universitaria en relación co teito máximo de gasto para o programa de participación en competicións interuniversitarias durante o ano 2021 e ao límite máximo de gasto por persoa participante.

**Non se participará en modalidades que non estean incluídas no programa de Campionatos de España Universitarios.*